



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 Travesa dos Basquiños, 9, baixo
 15.704 Santiago de Compostela
 Tfno e fax: 981-570099
 Correo-e: adega@adega.info
 Páxina electrónica: www.adega.info

Achegas de ADEGA ao Documento de Inicio do Plano Sectorial Eólico de Galiza na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-X, Secretario Executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta ao Documento de Inicio do Plano Sectorial Eólico de Galiza na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica as seguintes

SUXESTIÓNS

1. É conveniente que o conxunto do Plano Sectorial Eólico sexa sometido a unha avaliación ambiental estratéxica imparcial e rigorosa que valore o seu impacto no medio natural. Para isto, resulta particularmente importante a valoración dos efectos e as sinerxias negativas sobre o medio natural que tiveron os Parques Eólicos Empresariais nados a partires do Plano Eólico Galego de 1997 e posteriores revisións. Daquela, a avaliación ambiental realizouse de xeito individual para cada instalación, obviando os impactos conxuntos de varios Parques Eólicos Empresariais contiguos sobre unha mesma unidade xeomorfolóxica e/ou ambiental (caso, por exemplo, das turbeiras de cobertor na Serra do Xistral). É tempo xa de realizar un estudo de impacto ambiental xeral sobre as sinerxias inducidas no territorio afectado por instalacións eólicas, alén de revisar algunhas declaracións de impacto pouco rigorosas ou manifestamente sesgadas realizadas ao abeiro da anterior planificación, nomeadamente no caso de afectar a espazos protexidos.

2. Deberían ser excluídos de entrada como espazos susceptíbeis de albergaren parques eólicos alomenos todos aqueles espazos naturais que son obxecto dalgunha figura de protección legal (parques naturais e demáis figuras do réxime de protección xeral da Lei Lei 9/2001 de Conservación da Natureza) e non só as ZEPVN declaradas ao abeiro do Decreto 72/2004, isto é, os LICs e ZEPAS da Rede Natura Galega. É necesario definir e consensuar, coa participación de investigadores das tres universidades galegas, asociacións de defensa ambiental e administración, aquelas zonas de exclusión nas que pola presenza de hábitats ou especies de interese europeo e/ou prioritarias, non sería ambientalmente

aceptábel o desenvolvemento de instalacións eólicas industriais. Asemade, os espazos propostos pola administración para a futura ampliación da Rede Natura galega deberían ser automaticamente excluídos de aproveitamentos eólicos.

3. A aplicación dos anteriores Plano Sectoriais Eólicos de Galiza e as posteriores revisións conlevaron en moitas ocasións o incumprimento sistemático das cautelas ambientais establecidas para os espazos que forman parte da Rede Natura 2000 (LICs e ZEPAs), establecidas no Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, que traspuxo ao ordenamento xurídico español a parte da Directiva 92/43/CEE “Hábitats” que aínda non fora incorporada. Deberíanse pois incluír no presente Plano Eólico de Galiza, un plano especial de recuperación dos territorios da Rede Natura afectados e/ou ocupados por instalacións eólicas, con medidas como o rescate, a permuta e a non renovación das actuais concesións. Como segunda opción, e de xeito xeral para todos os parques eólicos existentes deberíase contemplar a posibilidade do repotenciamento obrigatorio para diminuír a densidade de aerogeneradores coa conseguinte renaturalización dos terreos afectados, antes de pensar en parques de nova creación.

4. O presente Plano Eólico debería garantir a implementación de todas as medidas necesarias para a protección efectiva do patrimonio cultural e do atractivo paisaxístico e turístico de Galiza. Neste senso e polo que respeita aos bens patrimoniais, deberíase incorporar un estudo previo das afeccións e sinerxias das instalacións eólicas sobre os bens inventariados e catalogados non só individualmente, senón tamén sobre as áreas e zonas de interese arqueolóxico con altas densidades de xacementos. No tocante aos aspectos paisaxísticos, deberíase ter en conta as directrices contidas no borrador da Lei de Protección da Paisaxe de Galiza, en especial as referidas á “política da paisaxe”, de xeito as paisaxes incluídas nun eventual Catálogo Galego de Paisaxes non foran susceptibles de albergar instalacións eólicas. Asemade, naquelas paisaxes singulares que acollen actualmente a parques eólicos deberíase actuar de xeito similar que cos espazos protexidos, isto é, establecendo planos de desmontaxe e renaturalización.

5. Non se deberían considerar por sistema e en todos os casos que os parques eólicos deban ser declarados de interese supramunicipal, interese público e utilidade social. Neste senso deberíase estar ao que indica o apartado f) do Decreto 80/2000 que regulamenta os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, a saber: “f) *Calquera outro criterio que contribúa directamente ós obxectivos fundamentais enunciados no artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia*”, as áreas de produción, investigación e reserva do presente Plano Eólico deberían xustificar o cumprimento dos seguintes apartados do artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galiza, a saber:

a) *Disposición dunha axeitada estrutura espacial tendente a conseguir un equilibrado desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia procurando o máximo benestar da súa poboación ao tempo que se garante a protección e mellora do medio ambiente.*

b) *Definición dos criterios a seguir nos asentamentos favorecendo a accesibilidade da poboación ao medio natural, mellorando as súas condicións de vida.*

c) *Compatibilización do proceso de seguemento do sistema produtivo, da urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ao litoral, aos recursos hidráulicos e á paisaxe.*

Asemade e de xeito xeral deberíase estar ao disposto polo apartado 3 do artigo 5º do Decreto 80/2000 que regulamenta os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, en relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e coa lexislación urbanística: “3. *No solo rústico de especial protección quedan prohibidas as actuacións que resulten incompatibles cos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada ou coas proteccións derivadas da lexislación sectorial de aplicación.*”

Por todo o anterior, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) solicita que se teñan en conta as suxestións ao documento presentado, de cara a introducir modificacións na proposta de novo Plano Sectorial Eólico.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2008

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL**